

Entrar a unha Webex Meetings


Podemos entrar a unha reunión desde a súa computadora, dispositivo móbil, teléfono ou sistema de vídeo. Vexamos a opción de usar o ordenador.

Usaremos a aplicación de escritorio Webex para entrar á nosa reunión desde o ordenador con Windows ou Mac.

Poderemos conectarnos usando audio e vídeo do PC, cambiar deseños entre as vistas de cuadrícula e orador activo, chatear e compartir contido.

Os pasos son os seguintes:

1. Abrimos a invitación por correo electrónico e facemos clic en entrar.



Invitación para la reunión de Webex de : PruebaPino Recibidos x

JOSÉ PINO VÁZQUEZ <messenger@webex.com>
para josepinovazquez

19:37 (hace 3 horas) ☆ ↩ ⋮

sept. 22 mar.	PruebaPino Míralo en Google Calendar Cuándo mar 22 de sept de 2020 19:45 – 20:45 (CEST) Ubicación https://eduxunta.webex.com/eduxunta/j.php?MTID=me200cd632607f2ba2b55064e50199fe9 Participantes JOSÉ PINO VÁZQUEZ* Sí Quizás No Más opciones	Agenda mar 22 de sept de 2020 No hay eventos anteriores. 19:45 PruebaPino 21:00 <u>proba</u>
---	---	--

JOSÉ PINO VÁZQUEZ le invita a unirse a esta reunión de Webex.


Número de reunión (código de acceso): 121 471 5958
Contraseña de la reunión: J9jvvQmUM32

martes, 22 septiembre de 2020
19:45 | (UTC+02:00) Bruselas, Copenhagen, Madrid, París | 1 Hora

2. Se esta é a primeira vez que entramos a unha reunión de Webex, Webex descarga automaticamente a aplicación. Faremos clic no arquivo do instalador para instalala.

Tamén podemos descargar o aplicación Webex Meetings manualmente. No caso de estar instalado, xa nos amosa unha mensaxe para que abramos o programa.


Nota: A ligazón á descarga de webex tela na aula virtual e é a opción máis axeitada para profesorado.



3. A primeira vez instalaremos o aplicativo de Webex.




4. No caso de usarse como profesorado, introduciremos a nosa conta de correo corporativa e a nosa contrasinal de Webex (lembra que podes cambiala na ligazón de recuperar contrasinal). No caso de alumnado e familias poderán entrar a través da sección “entrar como invitado”.




jpV José Pino

5. Se nos chegou a invitación a través do correo electrónico, non se solicita a contrasinal nin ID de reunión. No caso de que non sexa a través de correo, introduciremos o ID da reunión e contrasinal da mesma. Unha vez que facemos clic en seguinte.





jpV josepino.es

Nota: A aplicación de escritorio Webex tamén nos permitirá ver as reunións pendentes, inicialas, abrir a sala persoal (xa o veremos máis adiante) e planificar reunións (usando outlook que non o usaremos)



jpV josepino.es

6. No caso de estar iniciada ou de ser o organizador da mesma, apareceranos unha pantalla que nos permita configurar e probar o altafalante, micro e vídeo. Así como unirse definitivamente á reunión ou iniciala (isto dependerá do rol que desempeñemos).



Por defecto aparecerá a configuración do audio (polo normal usando os altafalantes do propio ordenador ou ben uns auriculares). Neste punto aconséllvosos usar uns cascos con micro xa que melloran os ecos e a necesidade de ter que andar apagando micrófonos.

De maneira predeterminada, o micrófono e a cámara están desactivados. Os botóns de vídeo e micrófono están en vermello.



Para entrar co noso vídeo aceso, faremos clic en iniciar vídeo

Para entrar co seu micrófono activado, faremos clic en sen silencio

Posteriormente faremos clic en entrar á reunión.

7. Unha vez dentro apareceranos a sala de videoconferencia, as opcións son parte das que se ven na opción de organizador, polo toda esa parte a veremos no manual específico deste rol.